

CONVOCATORIA	CL2025M
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR TRES PRAZAS DE TÉCNICO/A EN EDUCACIÓN
TIPO	Terceiro exercicio
DATA	21/01/2026

Álvaro S.M., menor varón de 14 anos, ingresa nunha das unidades do Centro Príncipe Felipe fai tres meses, baixo medida de tutela administrativa, tras un historial prolongado de desprotección grave, negligencia parental e exposición temperá a situacións de violencia intrafamiliar.

O menor presenta un diagnóstico clínico emitido pola Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil (USMI-X) de Trastorno por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH) de tipo combinado, asociado a Trastorno Negativista Desafiante, con presenza de condutas disruptivas persistentes e dificultades significativas de regulación emocional. Atópase en seguimento psiquiátrico, con tratamento farmacolóxico pautado, aínda que con escasa adherencia ao mesmo.

No ámbito educativo, o menor presenta un historial de reiterados episodios de absentismo, expulsións temporais do centro educativo e graves dificultades de adaptación á dinámica escolar. O nivel curricular sitúase moi por debaixo do correspondente á súa idade cronolóxica, observándose unha baixa tolerancia á frustración, impulsividade marcada e actitudes de confrontación cara á autoridade.

No contexto residencial, Álvaro manifesta condutas problemáticas de elevada intensidade, tales como agresións verbais e físicas a iguais e persoas adultas, incumprimento sistemático das normas de convivencia, episodios de fuga, destrución de obxectos e ameazas reiteradas de autolesión en situacións de conflito, sen que conste intento autolítico confirmado ata o momento. Estas condutas xeran un alto nivel de desestabilización na unidade e un notable desgaste no equipo educativo.

Desde o equipo técnico detectouse, así mesmo, unha vinculación afectiva desorganizada, con patróns de apego inseguros, dificultades para establecer relacións significativas e unha percepción negativa de si mesmo e do entorno adulto. O menor amosa unha escasa conciencia de problema e unha limitada capacidade para anticipar as consecuencias das súas condutas.

Ante esta situación, coma técnico/a en educación elabora unha proposta de intervención socioeducativa individualizada, que permita abordar de maneira integral as necesidades do menor, reducir a intensidade das condutas problemáticas e favorecer un proceso educativo axeitado ao seu perfil e evolución.